

Plan Dixital

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano Académico	Estado
15027551	Escola de Rañó CRA de Rianxo	Rianxo	2024/2025	Plan pechado- seguemento

1. Vixencia

Vixencia	Data
Curso inicio	2024/2025
Curso fin	2024/2025
Data de actualización	16/01/25
Data aprobación consello	08/10/24
Data aprobación claustro	08/10/24

2. Introducción

Xustificación lexislativa:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021- 2022.
- Artigo 30.1 do DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 15 da ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- Artigo 34.1 do DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 14 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

A Escola de Rañó conta con 1 aula multinivel con todo o alumnado de infantil.

Esta escola conta cunha mestra titora de Infantil, catro mestrxs especialitas (Educación musical, Educación Física, Relixión/Atención Educativa e Inglés).

O C.R.A. de Rianxo está formado actualmente por oito escolas repartidas por cinco das seis parroquias que compoñen o Concello de Rianxo cun total de once aulas. No catálogo do centro, catro destas escolas teñen carácter multigrado, agrupando alumnado do segundo ciclo de Educación Infantil e alumnado de 1o e 2o de Educación Primaria na mesma aula. Este curso en catro destas escolas non hai matriculado alumnado da etapa de Educación Primaria, funcionando na práctica como aulas multigrado de Educación Infantil. Dúas escolas están compostas exclusivamente por alumnado do segundo ciclo de Educación Infantil, cun total de tres aulas multigrado. As dúas escolas restantes presentan o alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria agrupados por etapa educativa. Polo tanto, nestas escolas hai dúas aulas (unha de Educación Infantil e outra de Educación primaria).

As escolas contan con conexión a Internet e un ou varios encerados dixitais.

A integración destas novas tecnoloxías ten que facerse buscando, investigando, indagando... sobre todas aquelas posibilidades que ditas tecnoloxías nos ofrecen á hora de dar una nova dimensión ao proceso educativo redefiníndoo nun novo marco de coñecemento que sirva como motivación ao noso alumnado á hora de prepararse para explorar, experimentar... en busca do coñecemento no que todos os días traballamos mestres e alumnos/as.

A pesar de ter invertido tempo en formación e prácticas con ferramentas tecnolóxicas, constatamos unha gran diferenza de coñecementos TIC no profesorado do centro. Isto leva aparelado que non nos propoñamos grandes retos, senón acadar unha normalización no eido das tecnoloxías como ferramentas útiles para lograr unha mellor calidade pedagóxica. Por este motivo neste curso académico será preciso ofertar formacións centradas nas necesidades reais máis inmediatas:

15027551 - CRA de Rianxo

- Manexo avanzado da web do centro(Websdinámicas-Drupal).

A utilización das TIC na aula supón un cambio importante no papel do profesorado e do alumnado, na organización dos tempos e na metodoloxía. Os efectos pedagóxicos das TIC dependen da planificación didáctica realizada e das actividades que desenvolvamos coa mesma.

O Plan Dixital virá a intentar mellorar a Competencia Dixital do alumnado e intentar compensar calquera desigualdade polon feito de vivir nunha zona de tipo rural, aínda que non deprimida economicamente.

Este Plan Dixital pasará a formar parte do Proxecto Educativo e da Programación Xeral Anual, introducindo cambios significativos na práctica docente, nos contidos das distintas materias e guiando algúns dos procesos de aprendizaxe.

Proceso de elaboración:

A elaboración do Plan Dixital recaeu sobre o Equipo de Dinamización do Plan Dixital xunto coas persoas que forman o Equipo TICs, tal e como se indica na resolución do 3 de setembro de 2021. Para a creación do antes citado Equipo de Dinamización, nomeouse unha persoa coordinadora a cal foi a encargada de informar a todo o equipo sobre as tarefas a realizar no curso de Aula Virtual no que foi matriculada.

No curso pasado (<https://www.edu.xunta.gal/centros/plandixital/aulavirtual/>), realizouse o seguimento de todas as actividades que se foron levando a cabo ao longo do curso e que culminaron coa elaboración deste documento.

Estas tarefas secuenciáronse en 2 fases:

- Fase I (Inicial): Análise e diagnose da situación dos centros.

Nesta primeira fase realizáronse varias tarefas de análise, entre elas a preparación e elaboración do SELFIE (do 3 de outubro ao 8 de novembro do 2021)(ANEXO 1: Informe SELFIE), realización do profesorado en Fprofe do Test de Competencia Dixital Docente (CDD) (do 8 de febreiro ao 7 de marzo do 2022) (ANEXO 2: Informe test CDD)

Para levar a cabo a diagnose, elaboramos o documento DAFO (do 8 marzo ao 4 de abril do 2022) (ANEXO 3: DAFO) para o cal tivemos, xunto co grupo de PFPP do Plan Dixital, unha formación a través do CAFI, impartida pola Mentora ADIX da nosa zona (1 sesión de 2 horas).

- Fase II: Deseño e elaboración do Plan Dixital.

A primeira tarefa desta segunda fase foi a elaboración dos obxectivos do Plan de Acción (do 21 de abril ao 11 de maio) (ANEXO 4: Plan de acción), para a cal tivemos unha segunda formación (1 sesión de 2 horas) e para finalizar o curso, estamos a levar a cabo a redacción deste documento, o Plan Dixital de Centro (do 11 de maio ao 12 de xuño) (ANEXO 5: PDs do CRA de Rianxo con especificacións por escolas)

3. Contexto DAFO

3.1. Instrumentos de recollida de información previa

Os instrumentos de recollida de información previa empregados foron:

a) SELFIE: é un paquete completo que axuda ás escolas a desenvolver un plan de acción para unha aprendizaxe eficaz na era dixital. Ofrece pautas paso a paso para revisar os resultados e establecer prioridades e obxectivos, desenvolver un plan de acción, implementar e avaliar ese plan.

b) Test CDD: con este Test de Competencia Dixital Docente, enmarcado no Marco Europeo DigCompEdu, extraemos información directa sobre o nivel de Competencia Dixital do profesora do centro, facendo unha análise dos resultados.

3.2. Análise interna

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Debilidade	FALTA COMPETENCIA DIXITAL.	Alumnado	Si
Debilidade	FALTA DE COMPETENCIA DIXITAL.	Familias	Si
Debilidade	ESCASEZA DE RECURSOS NAS DISTINTAS ESCOLAS QUE COMPOÑEN O CRA.	Infraestruturas	Si
Debilidade	POUCOS DISPOSITIVOS DISPOÑIBLES, DOS QUE DISPOÑEMOS ESTÁN DETERIORADOS E/OU DESACTUALIZADOS.	Infraestruturas	Non
Debilidade	FALTA DE ESTRATEXIA DIXITAL.	Organización de centro	Non
Debilidade	NECESIDADE DE ADAPTAR OS MEDIOS TECNOLÓXICOS Á TIPOLOXÍA DE CENTRO (CRA)	Organización de centro	Si
Debilidade	FALTA DE TEMPO POR PARTE DOS MESTRES-AS PARA FORMARSE EN CANTO Á COMPETENCIA DIXITAL.	Persoal docente	Si
Debilidade	O PROFESORADO NON EMPREGA A AV.	Persoal docente	Si
Debilidade	DEBIDO Á ESCASEZA DE FORMACIÓN, PRESENTAN DIFICULTADES DE CARA A CREACIÓN DE RECURSOS.	Persoal docente	Non
Fortaleza	COMPORTAMENTO RESPONSABLE.	Alumnado	Non
Fortaleza	PARTICIPACIÓN PROXECTOS EDUCATIVOS COMO: ERASMUS+, PLANS PROXECTA OU BIBLIOTECAS CREATIVAS.	Oferta	Non
Fortaleza	AULA VIRTUAL E PÁXINA WEB ACTUALIZADAS.	Organización de centro	Si
Fortaleza	UTILIZAMOS FERRAMENTAS COORPORATIVAS PARA A COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS (ABALAR MÓBIL).	Organización de centro	Non
Fortaleza	USO SISTEMÁTICO DE PÁXINA WEB COORPOTATIVA DO CENTRO PARA COMPARTIR ACTIVIDADES E INFORMACIÓN COA COMUNIDADE EDUCATIVA.	Persoal docente	Non
Fortaleza	O PROFESORADO MÓSTRASE COMUNICATIVO EN CANTO AS SÚAS EXPERIENCIAS AO REDOR DA COMPETENCIA DIXITAL.	Persoal docente	Non

3.3. Análise externa

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Ameaza	FALTA DE FONDOS ESPECÍFICOS PARA MERCAR DISPOSITIVOS.	Administración educativa	Non
Ameaza	DIFICULTADES PARA SOLVENTAR PROBLEMAS TÉCNICOS	Administración educativa	Non
Ameaza	EXCESO DE CARGA BUROCRÁTICA. FALTA DE HORARIO PARA AS PERSOAS COORDINADORAS.	Lexislación	Non
Oportunidade	POSIBILIDADE DE COMUNICACIÓN PARA QUE COÑEZAN AS CARENCIAS.	Administración educativa	Non
Oportunidade	BOA COMUNICACIÓN E RESPOSTA ÁS DEMANDAS PROPOSTAS.	ANPA	Non
Oportunidade	COLABORACIÓNS CO CONCELLO NA RESOLUCIÓN TÉCNICA DIXITAL.	Outras	Non

3.4. Análise

Grazas á información recollida e xerada a través dos datos do SELFIE e do Test CDD, que nos permitiu confirmar e coñecer a realidade do noso centro no relativo ao eido dixital, puidemos extraer unha análise DAFO que nos permite reflexionar sobre a realidade do noso centro e nos facilitou a elaboración das liñas de actuación fundamentais para a redacción dos obxectivos e accións a desenvolver no vindeiro curso e que se recollen neste Documento.

4. Obxectivos

4.1. Listaxe de obxectivos

Código	Obxectivo
O01PD	Formar ao claustro de mestres en competencia dixital docente.
O03PD	Empregar Escolas na nube como ferramenta colaborativa e comunicación no centro e con outros CRAs.
O04PD	Promover o uso do Abalar móbil/Abalarpro para a comunicación coas familias.
O05PD	Renovar e actualizar a web do centro

4.2. Datos do obxectivo O01PD

Código	Estado
O01PD	Acadado

4.2.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Alumnado - FALTA COMPETENCIA DIXITAL.

Debilidade - Familias - FALTA DE COMPETENCIA DIXITAL.

Debilidade - Infraestruturas - ESCASEZA DE RECURSOS NAS DISTINTAS ESCOLAS QUE COMPOÑEN O CRA.

4.2.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
% de profesorado que recibe formación	0% profesorado recibe a formación	100% profesorado recibe a formación				100%

4.2.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Poñerse en contacto coa asesora ABALAR da zona.	29/09/2023	
Responsables	Coordinadora TICs	
Destinatario	Claustro	

Revisión	Data	Arquivo
A coordinadora TIC xunto co equipo directivo estableceron comunicacións coa Asesora Abalar da zona para establecer as datas para a formación.		

Acción	Data máxima	Temporalización
Formación relativa aos paneis dixitais para sacarlle o máximo aproveitamento.	22/12/2023	
Responsables	Asesora Abalar da zona	
Destinatario	Claustro	

Revisión	Data	Arquivo
este obxectivo foi acadado, e as súas accións foron realizadas nos meses de setembro e outubro. A formación foi impartida coa asesora Abalar de zona na Escola de Abuín o martes 17 de outubro en horario de 16:00h a 19:30h. Nesta sesión formativa participou o claustro na súa totalidade, e a partir da mesma xurdiron dúbidas que foron resoltas posteriormente a través de diferentes canles, pola asesora. A partir desta formación o claustro está poñendo en práctica o aprendido e tentando sacar o máximo proveito aos paneis recibidos a finais do curso 2022-23 por parte da Consellería. Unha vez recibidos estes paneis o centro está valorado a posibilidade de reubicar e reutilizar os paneis antigos que aínda teñen unha vida útil.		

4.3. Datos do obxectivo O03PD

Código	Estado
O03PD	Acadado

4.3.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidad - Organización de centro - NECESIDADE DE ADAPTAR OS MEDIOS TECNOLÓXICOS Á TIPOLOXÍA DE CENTRO (CRA)

4.3.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de profesorado que emprega Escolas na nube	0 profesorado emprega escolas na nube	Todo o profesorado empregan Escolas na nube	Todo o profesorado empregan Escolas na nube			75%

4.3.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO03.1: Renovación das matrículas do profesorado no recurso.	22/12/2023	
Responsables	Persoa coordinadora do PD	
Destinatario	Persoal Docente	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO03.2: Creación de carpetas e subida de documentación para compartir.	22/12/2023	
Responsables	Persoa coordinadora do PD	
Destinatario	Persoal docente	

Revisión	Data	Arquivo
Cabe destacar que o recurso é complexo e pouco intuitivo o que fai que o profesorado amose reticencias a empregalo. Á hora da matriculación ocorreron varios problemas técnicos que a día de hoxe seguen sen estar solucionados, probocando que varios alumnos e alumnas aínda non teñan acceso. Así mesmo, cando solicitamos a axuda de asesores sobre o funcionamento do programa, nos atopamos con dificultades pola falta de formación dos mesmos. Queremos resaltar de todos xeitos o bo facer da nosa asesora que sempre está dispoñible e tentando resolver as nosas dúbidas.		

Acción	Data máxima	Temporalización
AO05.3: Emprego dos recursos compartidos	21/06/2024	
Responsables	Claustro	
Destinatario	Persoal docente	

Revisión	Data	Arquivo
Ao longo do curso creáronse carpetas no escritorio de Escolas na Nube nas que o claustro de mestres tiña documentos, recursos, que podían empregar, imprimir, compartir...		

4.4. Datos do obxectivo O04PD

Código	Estado
O04PD	Acadado

4.4.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Familias - FALTA DE COMPETENCIA DIXITAL.

Debilidade - Persoal docente - FALTA DE TEMPO POR PARTE DOS MESTRES-AS PARA FORMARSE EN CANTO Á COMPETENCIA DIXITAL.

4.4.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Porcentaxe de familias que teñen o abalar móbil instalado	0% de familias que teñen o abalar móbil instalado	100% de familias que teñen o abalar móbil instalado				100%

4.4.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO04.1: Enviar comunicación ás familias coas instrucións para a instalación e uso de abalar móbil.	22/12/2023	
Responsables	Equipo directivo	
Destinatario	Familias	

Revisión	Data	Arquivo
Ao igual que en anos anteriores a nosa prioridade como centro é informar ás familias do uso sistemático das ferramentas corporativas e potenciar o uso dos recursos ofrecidos pola Consellería para manter a comunicación coa comunidade educativa. Este obxectivo queda completado na súa totalidade		

Acción	Data máxima	Temporalización
AO04.2: Enviar unha comunicación inicial ás familias a través do abalar.	22/12/2023	
Responsables	Equipo directivo e docentes	
Destinatario	Familias	

4.5. Datos do obxectivo O05PD

Código	Estado
O05PD	Parcialmente

4.5.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Persoal docente - O PROFESORADO NON EMPREGA A AV.

Fortaleza - Organización de centro - AULA VIRTUAL E PÁXINA WEB ACTUALIZADAS.

4.5.2. Indicadores

4.5.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Renovación e actualización da páxina web.	21/06/2024	
Responsables	Coordinadora TICs	
Destinatario	comunidade educativa	

Revisión	Data	Arquivo
Durante o curso levarónse a cabo distintas revisións para chegar a acordo coa nova organización da páxina web. A principios de xuño reunímonos coa asesora ABALAR para levar a cabo as decisións tomadas.		

5. Seguimento

5.1. Procedemento para o seguimento

O Equipo de Dinamización do Plan Dixital, realizará, alomenos, unha xuntanza trimestral para valorar a evolución do Plan. Do mesmo xeito, a persoa mentora ADIX acompañará á persoa coordinadora do Plan Dixital, no desenvolvemento do PD. A persoa coordinadora do PD, terá acceso á ferramenta EduCalidade para rexistrar os avances e avaliación deste plan, baixo a supervisión da persoa directora e co apoio do resto de persoas que forman o equipo.

5.2. Primeiro trimestre

OO1PD: Formar ao Claustro de mestres en Competencia Dixital Docente.

En canto ás accións para conseguir este obxectivo, está previsto que, ao longo do 2º trimestre se continúen accións formativas, incluídas a nivel interno, de forma que a coordinadora de Polos Creativos e Coordinadora do PFPP imparta sesións de formación sobre os novos materiais de Polos que chegaron ao centro.

OO2PD: Empregar Escolas na nube como ferramenta colaborativa e de comunicación con outros centros e Cras.

Continuamos, seguindo a liña do curso anterior. implementando esta ferrameta. Puntualizar que o profesorado considera que é un recurso pouco intuitivo e manexable.

OO3PD: Promover o uso de Abalar móvil/Abalar Pro, para comunicacións coas familias

OO4PD: Renovar e actualizar web no centro. A

A coordinadora TIC mantén contacto permanente coa asesora Abalar de zona. Ao longo deste curso comezaremos a elaboración dunha nova páxina Web.

5.3. Segundo trimestre

5.4. Terceiro trimestre

6. Avaliación

6.1. Procedemento para a avaliación

6.2. Valoración xeral

6.3. Propostas de mellora

7. Comunicación e difusión

7.1. Procedemento para a comunicación e a difusión

O Plan Dixital de Centro estará exposto na Páxina Web do centro ao igual que se poñerá en coñecemento do mesmo a toda a comunidade educativa a través das canles de comunicación corporativas das que dispoñemos no centro (Abalar móbil, correo electrónico...)

Do mesmo xeito, este documento, quedará a disposición en formato físico impreso, no edificio da Sede para que calquera persoa que o solicite poida revisalo.

Este plan é coñecido polo Claustro e aprobado no Consello Escolar.

Ligazóns ao Plan Dixital 2022-23 do Cra de Rianxo e especificacións por Escolas na súa Web:

http://www.edu.xunta.gal/centros/crarianxo/system/files/15027551_CRADERIANXO_PlanDixital_V1.0_14062022.pdf

Abuín: http://www.edu.xunta.gal/centros/crarianxo/system/files/ABUÍN-15027551_CRADERIANXO_PlanDixital_V1.0_14062022_2.pdf

Capela: http://www.edu.xunta.gal/centros/crarianxo/system/files/CAPELA-15027551_CRADERIANXO_PlanDixital_V1.0_14062022.pdf

Cruceiro: http://www.edu.xunta.gal/centros/crarianxo/system/files/CRUCEIRO-15027551_CRADERIANXO_PlanDixital_V1.0_14062022.pdf

Cuvide: http://www.edu.xunta.gal/centros/crarianxo/system/files/CUVIDE-15027551_CRADERIANXO_PlanDixital_V1.0_14062022.pdf

Outeiro: http://www.edu.xunta.gal/centros/crarianxo/system/files/OUTEIRO-15027551_CRADERIANXO_PlanDixital_V1.0_14062022.pdf

Pazo: http://www.edu.xunta.gal/centros/crarianxo/system/files/PAZO-15027551_CRADERIANXO_PlanDixital_V1.0_14062022.pdf

Quintáns: http://www.edu.xunta.gal/centros/crarianxo/system/files/QUINTÁNS-15027551_CRADERIANXO_PlanDixital_V1.0_14062022_0.pdf

Rañó: http://www.edu.xunta.gal/centros/crarianxo/system/files/RAÑÓ-15027551_CRADERIANXO_PlanDixital_V1.0_14062022.pdf

8. Outros datos

9. Anexos

Descrición	Arquivo
Resultados test CDD	15027551_CRADERIANXO_CDD_17032022.pdf
DAFO CRA de Rianxo	15027551_CRADERIANXO_DAFO_31032022.pdf
Plan Dixital CRA de Rianxo Editable	15027551_CRADERIANXO_PlanDixital_V1.0_14062022 copia.odt
Plan Dixital CRA de Rianxo	15027551_CRADERIANXO_PlanDixital_V1.0_14062022 copia.pdf
PD Abuín	ABUÍN-15027551_CRADERIANXO_PlanDixital_V1.0_14062022.odt
PD Capela	CAPELA-15027551_CRADERIANXO_PlanDixital_V1.0_14062022.odt
PD Cruceiro	CRUCEIRO-15027551_CRADERIANXO_PlanDixital_V1.0_14062022.odt
PD Cuvide	CUVIDE-15027551_CRADERIANXO_PlanDixital_V1.0_14062022.odt
PD Outeiro	OUTEIRO-15027551_CRADERIANXO_PlanDixital_V1.0_14062022.odt
PD Pazo	PAZO-15027551_CRADERIANXO_PlanDixital_V1.0_14062022.odt
PD Quintáns	QUINTÁNS-15027551_CRADERIANXO_PlanDixital_V1.0_14062022.odt
PD Rañó	RAÑÓ-15027551_CRADERIANXO_PlanDixital_V1.0_14062022.odt
SELFIE CRA de Rianxo	15027551_CRADERIANXO_SELFIE_291121_171221.pdf